

* Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

ANEXO VII

Proxecto educativo

O proxecto educativo da escola infantil 0-3 adaptase á seguinte estrutura:

a) Análise do contexto.

a.1) Características do centro.

-Titularidade e financiamento.

-Niveis educativos que escolariza: número de unidades.

-Situación xeográfica.

-Descrición breve das instalacións.

-Servizos que ofrece.

-Proxección social do centro na zona.

-Relación coas familias.

-Descrición breve dos recursos e materiais.

-Horario do centro.

a.2) Características do alumnado.

-Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos.

-Características das familias.

-Tipo de relacións entre o alumnado.

-Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios con que se conta.

-Procedementos de información ás familias.

a.3) Características do persoal que traballa no centro.

-Número e funcións.

-Formación.

-Forma de traballar (en equipo ou individualmente).

-Distribución das tarefas.

-Mecanismos de información entre o persoal.

-Criterios que se seguen para a distribución do alumnado.

a.4) Características do contorno.

-Localización.

-Características socioculturais e económicas

-Lingua empregada.

-Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas.

-Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno.

-Relación con outros centros.

-Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural.

b) Sinais de identidade.

Definición da escola.

-Confesionalidade da escola segundo a lexislación vixente.

-Lingua de aprendizaxe segundo a lexislación vixente.

-Liña metodolóxica.

-Coeducación: a educación para a igualdade.

-Colaboración cos pais e nais.

c) Obxectivos.

Obxectivos do centro a nivel:

-Pedagóxico (incluíndo a adecuación dos obxectivos xerais de etapa/ciclo).

-Administrativo.

-Organizativo.

-Institucional.

-Normalización lingüística.

d) Estrutura organizativa.

Organización do centro para o logro dos obxectivos.

-Órganos unipersoais e colexiados.

-Asignación de educadores aos grupos.

-Número de educadores por grupo.

-A dimensión do grupo.

-A composición do grupo.

-A titoría na escola infantil.

-A utilización dos espazos escolares.

-O equipamento e os recursos didácticos.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 25 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

Subscrito o día 25 de xuño de 2007 o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de

registros administrativos, procede a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do citado convenio que figura como anexo desta resolución.

O que se fai publico para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2007.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, e Vigo en materia de registros administrativos.

Reunidos:

Dunha parte Laura Sánchez Piñón, conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, nomeada mediante o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, en virtude da competencia atribuída polo artigo 34.1º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte Senén Barro Ameneiro, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude da competencia atribuída no artigo 87 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro (DOG do 9 de febreiro), e do seu nomeamento mediante o Decreto 93/2006, do 1 de xuño.

Doutra parte José María Barja Pérez, reitor da Universidade da Coruña, en virtude da competencia atribuída no artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e do seu nomeamento mediante o Decreto 1/2004, do 8 de xaneiro.

E doutra parte, Alberto Gago Rodríguez, reitor da Universidade de Vigo, en virtude da competencia atribuída no artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (DOG do 5 de decembro), e do seu nomeamento mediante o Decreto 96/2006, do 8 de xuño.

Todas as partes se recoñecen capacidade xurídica para actuar neste acto, e para tal efecto

Declaran:

Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo), en canto Administración pública teñen asumido nos seus respectivos eidos o compromiso de mellorar a calidade na prestación dos servizos públicos, promovendo e desenvolvendo políticas que inclúen a mellora da prestación dos servizos administrativos e a racionalización e simplificación dos procedementos de xestión, de xeito que os servizos académicos, así como os administrativos, económicos e calquera

outros que sexan precisos para o funcionamento das universidades galegas, axeiten a súa organización e funcionamento aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación.

É por isto que co fin de facilitar as relacións dos cidadáns coas administracións resulta conveniente a realización dun convenio entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que recolla o compromiso das partes de recoñecer validez e eficacia aos registros xerais das universidades públicas de Galicia, para os efectos das convocatorias de subvencións e axudas que realice a dita consellería en materia de ensino superior e promoción científica e tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia.

En consecuencia, as administracións que interveñen proceden á formalización deste convenio de colaboración de acordo coas seguintes

Cláusulas:

Primeira.-Este convenio de colaboración realízase ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Durante o período de vixencia deste convenio as solicitudes, escritos ou comunicacións que os interesados lle dirixan á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, relativos ás convocatorias de subvencións e axudas que realice a dita consellería en materia de ensino superior e/ou promoción científica e tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, á que se refire a cláusula seguinte, poderán presentarse válida e indistintamente en calquera dos registros oficiais das universidades do Sistema Universitario de Galicia, recoñecéndose a eficacia rexistral para todos os efectos de tales documentos.

Terceira.-Como medio de instrumentalizar o recollido na cláusula anterior, as partes asinantes comprométese a:

a) A Consellería de Educación Ordenación Universitaria a recoller nas convocatorias de subvencións e axudas que en materia de ensino superior e/ou promoción científica e tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia publique, durante a vixencia deste convenio, dita posibilidade de actuación.

b) As universidades a admitir nos seus respectivos registros oficiais as solicitudes, escritos e comunicacións que se dirixan á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ás Universidades do Sistema Universitario de Galicia, referentes ás convocatorias de subvencións e axudas ás que se refire a cláusula anterior e a remitir inmediatamente os documentos unha vez rexistrados e, en todo caso, dentro dos tres días seguintes á súa recepción, directamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou á universidade destinataria deles. Así mesmo, as universidades facilitaranlles aos interesados que o soliciten copia selada dos documentos que presenten,

achegándoa xunto cos orixinais, así como a devolución destes, agás cando os orixinais deban constar no procedemento, de acordo co recollido na letra c) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Cuarta.-A data de entrada no rexistro do órgano administrativo da universidade de que se trate será válida para os efectos de prazos, sendo de aplicación o artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, anteriormente citado.

Quinta.-Para o seguimento da execución deste convenio crearase unha comisión de seguimento, que estará constituída por:

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

-O director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, a subdirectora xeral de Universidades e o xefe do Servizo de Coordinación do Sistema Universitario, ou as persoas en que deleguen.

Polas universidades do Sistema Universitario de Galicia:

-O reitor da Universidade de Santiago de Compostela, ou a persoa en que delegue.

-O reitor da Universidade da Coruña, ou a persoa en que delegue.

-O reitor da Universidade de Vigo, ou a persoa en que delegue.

Sexta.-Este convenio terá un prazo de vixencia dun ano, prorrogable tacitamente agás denuncia expresa de calquera das partes, efectuada por escrito notificado ás outras dous meses antes da súa extinción e producirá efectos unha vez que se lle dea publicidade, segundo establece o artigo 8 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sétima.-Este convenio ten natureza administrativa e réxese, en primeiro lugar, polas cláusulas que se establecen nel, no seu defecto polas normas de dereito administrativo que lle sexan de aplicación.

As partes comprométese á resolución amigable das discrepancias que puideran xurdir respecto da interpretación, modificación, resolución e cumprimento deste convenio, que serán resoltas pola comisión de seguimento.

Das cuestións litixiosas que puideran xurdir na execución do convenio será competente a xurisdición contencioso-administrativa, dada a natureza pública das partes.

O que en proba de conformidade asinan as partes en Santiago de Compostela o vinte e cinco de xuño de dous mil sete.

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Laura Sánchez Piñón, conselleira.

Pola Universidade de Santiago de Compostela: Senén Barro Ameneiro, reitor.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Resolución do 21 de xuño de 2007, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se delega nos delegados provinciais da Consellería de Cultura e Deporte o exercicio de determinadas competencias.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural desenvolve un gran volume da actividade administrativa orixinada nas competencias que a normativa lle atribúe.

Co fin de evitar unha concentración excesiva do traballo e lograr unha maior axilidade administrativa que redunde en beneficio tanto da Administración como dos administrados, faise conveniente que, dentro do respecto aos principios informadores da actuación administrativa e con suxeición á normativa legal vixente, se deleguen nos delegados provinciais da Consellería de Cultura e Deporte determinadas competencias.

Estas competencias aparecen reflectidas, entre outros, no artigo 6 do Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte; nos artigos 32, 37, 41, 43, 44, 47, 48, 52, 54, 56, 57, 58 e 61 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia e nos artigos 1.1º a), 1.2º e 3.1º do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude, facendo uso das atribucións que me confire o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispoño delegar nos delegados provinciais da Consellería de Cultura e Deporte o exercicio das seguintes competencias:

1. Autorizar os proxectos de obras que afecten os bens incluídos no inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, sometidos ao informe das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego, de conformidade co artigo 2.a) do Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego.

2. Autorizar as prospeccións superficiais, as sondaxes e os controis arqueolóxicos derivados tanto dos proxectos de obra que afecten o patrimonio cultural como do planeamento urbanístico en vigor, logo do informe-proposta da correspondente comisión territorial do Patrimonio Histórico Galego.

3. Adoptar, en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens do patrimonio cultural de Galicia que se visen ameazados.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá advocar para si en calquera momento o exercicio das competencias delegadas nesta resolución, de acordo co establecido no artigo 14 da citada Lei 30/1992.